



## ANEXO III

### NORMAS QUE REXERÁN O FUNCIONAMENTO INTERIOR DO ÓRGANO DE PARTICIPACIÓN DO PROXECTO URBANA SANTIAGO NORTE

O presente documento ten como obxecto regular o réxime organizativo e de funcionamento do Órgano de Participación do Proxecto Urbana Santiago Norte.

#### 1.- Obxecto

O Órgano de Participación do Proxecto Urbana é un órgano de carácter consultivo, informativo, de formulación de propostas e suxestións, de debate e asesor, que impulsa e serve de cauce á participación cidadá no desenvolvemento do proxecto USN.

#### 2.- Funcións

As principais **funcións** deste Órgano de Participación son as seguintes:

- Coordinación formal da iniciativa cidadá en torno a necesidades ou problemas concretos
- O fortalecemento da democracia participativa.
- A dinamización dos procesos de participación cidadá na xestión dos asuntos e desafíos de interese común deste proxecto, servindo de vía para a xeración de propostas de traballo e de respostas aos retos que a realidade poida plantexar ao proxecto e a cada unha das súas accións
- Ser un espazo de información, debate e reflexión en torno a necesidades ou problemas concretos referentes á zona norte de Santiago.
- Servir para o encontro e a coordinación entre a administración local co resto de interlocutores sociais da zona de actuación,



- Realizar un seguimento e avaliación das actuacións previstas no proxecto.

### 3.- Constitución e duración

O Órgano de Participación do Proxecto Urbana constitúese en asemblea formada polas entidades representantes dos diferentes axentes económicos e sociais máis representativos da zona de intervención do proxecto USN.

As entidades que representarán aos diferentes axentes sociais para cada un dos diferentes ambitos, así como as entidades suplentes das mesmas, serán designadas a partir dun proceso democrático e participativo ao que serán chamadas todas as entidades radicadas ou con beneficiarios na zona de actuación.

Neste proceso, cada sector elixirá, de entre os candidatos que se postulen, ás súas entidades representantes e suplentes mediante votación.

O número de entidades representantes a elixir por cada sector son as seguintes:

- 2 representantes das asociacións de veciños da zona de actuación do proxecto
- 1 representante das asociacións de ámbito cultural e ambiental
- 1 representante das asociacións de ámbito asistencial e social
- 1 representante das asociacións de ámbito deportivo
- 1 representante das asociación de ámbito económico, empresarial e sindical

Se durante o proceso de elección, nun ou en varios sectores non se presentasen entidades candidatas, a Comisión de Dirección e Seguimento do proxecto, poderá asignar os postos vacantes nese sector a outro ou outros sectores segundo sexa o caso.

O Órgano de Participación Cidadá do Proxecto Urbana ten vontade de permanecer durante o período necesario ata a total execución do proxecto Urbana Santiago Norte.

#### 4.- Composición

O Órgano de Participación do Proxecto Urbana estará integrada por 10 membros:

- O Presidente
- 2 membros da Comisión de Dirección e Seguimento do Proxecto Urbana
- 2 representantes das asociacións de veciños da zona de actuación do proxecto
- 1 representante das asociacións de ámbito cultural e ambiental
- 1 representante das asociacións de ámbito asistencial e social
- 1 representante das asociacións de ámbito deportivo
- 1 representante das asociación de ámbito económico, empresarial e sindical
- 1 Secretario

O presidente será o Alcalde ou membro da Comisión de Dirección e Seguimento do proxecto Urbana en quen delegue.

O secretario será o coordinador do Proxecto Urbana Santiago Norte.

#### 5.- Funcións do presidente

- Convocar as reunións ordinarias e extraordinarias do Órgano de Participación.
- Establecer a orde do día das reunións, previa consulta cos representantes das asociacións e entidades sociais e económicas.
- Presidir, dirixir, coordinar e moderar as reunións do Órgano de participación.
- Ostentar a representación do Órgano de Participación a todos os niveis.
- Aprobar a condición de membros así como a perda da mesma das diferentes entidades que compoñen o Órgano.
- A disolución definitiva do Órgano.

#### 6.- Funcións dos vogais



- Asistir e participar nas reunións da Comisión.
- Informar ao resto das entidades do sector ao que representan dos temas en relación co proxecto.

### 7.- Funcións do secretario

- Asistir ao Presidente para fixar a orde do día, así como para elaborar e enviar a convocatoria da reunión do Órgano de Participación.
- Redactar unha acta de cada reunión que se celebre na que consten os nomes dos membros asistentes, asuntos examinados, manifestacións, lugar, día, mes, ano e hora na que comeza y na que o Presidente da por rematada a reunión.
- A custodia dos documentos relativos ao Órgano de Participación do Proxecto Urbana.

### 8.- Condicións dos membros

- a) A condición de membro titular do Órgano de Participación vén determinada polo feito de ostentar o cargo que se exerza para o caso do Presidente, Secretario, vogalías que correspondan a membros da Comisión de Dirección e Seguimento do proxecto.
- b) A condición de membro no caso das vogalías representantes das entidades veciñais ou dos axentes económicos e sociais virá determinada pola súa adhesión á asemblea constituínte do Órgano, tralo seu nomeamento efectuado no seo das asociacións ou entidades que representen a cada sector ou ámbito. A entidade ou asociación deberá facer constar no documento de nomeamento do vogal unha relación de persoas suplentes para ocupar a vogalía nos casos de dimisión, cese ou vacante (por enfermidade ou outras causas).
- c) A entidade que ostente unha vogalía en representación dun sector determinado será reemprazada pola entidade nomeada suplente no proceso de designación ao que fai referencia o punto 3 destas normas nos casos seguintes:



*[Handwritten signature]*

- Cando dita entidade se disolva ou decida voluntariamente non seguirá formando parte do Órgano de Participación.
- Cando non asista ás reunións do Órgano de Participación máis de tres veces consecutivas.

**9.- Normas de funcionamento das reunións do Órgano de Participación**

- a) A asemblea xeral de membros do Órgano de Participación é a que expresa a vontade de dito Órgano.
- b) O Órgano estará presidido polo Presidente ou a persoa en quen delegue, segundo o establecido nas presentes normas.
- c) O Órgano será convocado polo Presidente con antelación suficiente mediante calquera medio que garanta o coñecemento da convocatoria e na forma máis áxil posible. A convocatoria incluírá a orde do día da reunión, así como o lugar, día e hora da mesma.
- d) O Órgano de Participación reunirse ordinariamente unha vez cada trimestre, e con carácter extraordinario pola convocatoria do seu presidente ou cando así o solicite un terzo dos seus membros.
- e) Para a válida constitución do Órgano de Participación requírese a asistencia da metade máis un dos seus membros. En segunda convocatoria requírese que estean presentes polo menos un terzo dos seus membros
- f) Iniciada a reunión, o Presidente será o que dirixa a sesión, establecendo a orde e tempos de intervención.
- g) De cada reunión do Órgano levantarase unha acta por parte do secretario da mesa. Os membros que o desexen poderán solicitar que figuren na acta as opinións concretas emitidas nos asuntos deliberados. A acta será leída e entregada na seguinte reunión para a súa aprobación.
- h) As reunións realizaranse a porta pechada para garantir a efectiva finalidade dos traballos do Órgano.
- i) Todos os documentos do Órgano de Participación estarán baixo a dependencia e custodia da Oficina Urbana Santiago Norte.

APROBADO POR ACUERDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 23.2.2010



O/A CONCELEIRO/A - SECRETARÍA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke at the end.

## 10.- Normativa de Aplicación

En todo o non recollido nas presentes normas, o Órgano de Participación do Proxecto Urbana rexerese pola Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas no relativo ao funcionamento de órganos colexiados.